



## **R lanza unha oferta rompedora e propón telefonía fixa, móbil co triplo de gigas, internet co dobre de velocidade, e TV con deco 4K, por 19 euros**

- **Ademais, dentro da súa nova oferta lanza o combo con datos ilimitados para lles dar resposta aos/ás usuarios/as que demandan gigas ilimitados no móbil**
- **As contratacións exclusivas a través da canle *online* poderán dispor da segunda liña gratis tamén con gigas ilimitados durante 24 meses. E tamén de 500 megas nalgúns paquetes**
- **Outra das vantaxes no caso de contratar unha segunda liña de móbil é que o/a cliente/a pode acceder a un terminal Samsung Galaxy A20e por 0€**
- **As/os xa clientas/es gozarán de novas tarifas para liñas adicionais, con terminais Samsung a 0€**

**Mércores, 2 de setembro de 2020.** Coincidindo co fin do verán e o inicio da nova campaña, **R** vén de lanzar unha promoción co prezo máis competitivo do mercado: cuádruplo *play* a 19 euros durante tres meses, e ademais co dobre de velocidade en banda ancha e o triplo de datos no móbil, durante un ano.

Deste xeito, as/os clientes/as que se acollan a esta promoción poderán gozar dos servizos de telefonía fixa, TV con deco Android 4K, banda ancha - duplicando de 100 a 200 megas a súa velocidade, durante un ano -, e

telefonía móbil co triplo de datos -de 10 gigas a 30 gigas na liña principal-, tamén durante un ano.

Con esta promoción, **R** mantense fiel ao seu compromiso de ofrecer a mellor calidade de telecomunicacións aos prezos máis competitivos do mercado.

Ademais, dentro da súa nova oferta lanza un combo con datos ilimitados, o produto máis completo con gigas ilimitados. De cara a este lanzamento preparou unha promoción excepcional para as contratacións exclusivas a través da canle *online*: coa liña principal con gigas ilimitados, as/os clientes/as poderán dispor da segunda liña tamén con gigas ilimitados durante 24 meses.

Desta maneira, **R** agrupa os catro servizos de telecomunicacións máis demandados e lanza a mellor oferta do mercado: telefonía fixa, internet 100 megas, móbil con 10 gigas e TV Ocio con deco Android 4K, no paquete máis económico do mercado: 53 euros como prezo definitivo, cunha promoción de 19 euros durante os tres primeiros meses para novas altas, e internet 500 megas e móbil 30 gigas de agasallo durante o primeiro ano.

Así mesmo, lanzouse unha nova promoción asociada á contratación de liñas adicionais para as/os xa clientes/as de **R**: un Samsung A31 por 0€/mes ao contratar a nova tarifa ilimitada 10 gigas.

Con esta oferta, **R** dá un novo paso no seu afán por comercializar un produto forte, cunha oferta de valor para todos/as os/as seus/súas clientes/as, obxectivo que constitúe un dos alicerces estratéxicos da compañía.

comunicación R  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)